

**FEDYA SERGÉEVICH
DERRETEUSE DE AMOR**




**ANXOS SUMAI
BOSCO CARIDE**

**FEDYA SERGÉEVICH
DERRETEUSE DE AMOR**



ANXOS SUMAI

**FEDYA SERGÉEVICH
DERRETEUSE DE AMOR**



ANXOS SUMAI

FEDYA SERGÉEVICH DERRETEUSE DE AMOR

Ocorréuseme que o lume era unha flor súbita, o derradeiro alento das árbores mortas. Flor violenta, expulsada, que sorría brillante antes de estiñar por completo a ira líquida. Flor irada, o lume, e entre as sombras ruxía o desamparado agromo do silencio. A noite, o silencio, a soidade. E alí, aquela noite, o meu querido e inocente Antón Barca quixo ser Fedya Sergéevich enfrontado ao lume, o neno de xeo enfrontado ao lume co peito tenso, valente. Coas bágoas contidas e a ira a piques de estourar. Eu mirábao dende a miña esquina, equidistante entre o seu desexo de soidade e o medo a ficar só. Mirábao e estendín a man no aire intentando acariñalo sen alcanzalo nunca, ata que un xemido de paxaro comezou a agromar do seu corpo e converteuse en pranto, nun prolongado e silencioso pranto que fixo tremer o lume. Daquela abraceino, abracei o neno Antón diante da chimenea acesa e tremín co seu tremor.

—Estás segura? —preguntoume enxugando as bágoas.

—Estou.

Volveu chorar en saloucos soltos e dubidei se non sería mellor mentir. A mentira, como a esperanza, é ás veces unha flor necesaria, un calmante amable e dócil. Pero xa non había volta atrás. Os anos pasaran demasiado rápido, polo menos para min. O neno tomara as cousas con máis calma, estaba ocupado en medrar e non se decatara de que o tempo o colocara diante do lume, aquela noite, con doce anos e todo o que eu soubera ensinarlle.

—Estou segura –insistín.

—Non quero acompañarte mañá. Voume poñer triste.

—Claro, meu rei. Marcharei moi cedo e aínda estarás durmindo.

—Darasme un bico antes?

Abraceino forte. Na chimenea o lume recliúuse en si mesmo cunha elocuencia dolorosa. Pensei que acababan esa noite todos os invernos porque o neno, o meu neno case dende que naceu, faríase mozo e home e ancián lonxe de min. E emocióneime. A súa nai entrou na sala e dixo algo así como que parecíamos parvos, os dous, e o raparigo adolescente deulle as costas para que non lle vise os ollos húmidos.

—Teremos que cear algún día, digo eu —colleu o fillo polos ombreiros e turrou del, murmurándolle no oído algo que debía ser divertido porque o neno

